

Acta núm. 13/2018.
Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local
do 7 de agosto de 2018

CONCELLEIROS/AS ASISTENTES:

Yolanda Bouzas Alfonsín.

José Luis Sampedro Bouzas.

José Pedro Cambón Fernández.

Francisco Javier Blanco Sánchez.

Na Alcaldía da Casa do Concello de Brión, ás 8.30 horas do 7 de agosto de 2018, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste Concello que se relacionan, para celebraren sesión ordinaria.

Preside o señor alcalde José Luis García García e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do Concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

- 1º.- Acta anterior correspondente ao día 26 de xullo de 2018.
- 2º.- Comunicacóns previas (obras menores).
- 3º.- Licenza de obra menor.
- 4º.- Vados permanentes (baixas)
- 5º.- Cambio de titularidade de vado permanente.
- 6º.- Licenza de primeira ocupación.
- 7º.- Bonificacóns de prezos públicos.
- 8º.- Rogos e preguntas.

PRIMEIRO.- ACTA ANTERIOR CORRESPONDENTE AO DÍA 26 DE XULLO DE 2018.

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da xunta anterior do día 26 de xullo de 2018, acta núm. 12/2018.

SEGUNDO.- COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRAS MENORES).

a) Deuse conta dunha comunicacón previa presentada por ERNESTO MONTES ALVITE, con domicilio en Guisande 44, Os Ánxeles, na que comunica que vai substituír o peche actual e construír un novo de estacas de madeira e arame cunha altura de 1,50 m, sobre a rasante natural do terreo, e situado a 5,50 m, do eixo do camiño.

A parcela onde se pretenden executar as obras atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural en área non consolidada pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 (NRL-2) do PXOM e non se atopa dentro dun ámbito de

protección nin dentro do radio de ningún elemento catalogado, segundo a Lei 5/2016, do patrimonio de Galicia.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

b) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por ERNESTO MONTES ALVITE, con domicilio en Guisande 44, Os Ánxeles, na que comunica que vai construír un silo de formigón armado en Guisande 44, Os Ánxeles.

A parcela onde se pretenden executar as obras atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación a ordenanza NRL-2 do PXOM, en base ao disposto na Disposición Transitoria 1ª.2.c da Lei do solo de Galicia, que establece que ao solo incluído no ámbito dos núcleos rurais se lle aplicará integramente o disposto no planeamento respectivo.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe desfavorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda non autorizar as obras, posto que segundo a Disposición Transitoria 1ª.2. da Lei 2/2016, do solo de Galicia, e a ordenanza NRL-2 do PXOM, o uso de silo, recollido dentro da definición de: Uso agropecuario, Categoría 2ª do PXOM (artigo 3.3.10), é un uso non permitido para esta clase de solo.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais

c) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JOSE ANTONIO FERREIRA GONZALEZ, con domicilio en Perros nº 11, Os Ánxeles, na que comunica que pretende realizar varias obras de escasa entidade que non afectan á configuración arquitectónica da envolvente da edificación, nin á estrutura e instalacións, consistentes no picado da pedra de fachada e construír unha beirarrúa no interior da súa propiedade de Soutullos 4, San Salvador.

A parcela na que se empraza a edificación e se pretende construír a beirarrúa, situase sobre un ámbito de solo urbano (UC2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

d) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JOSE LUIS VAZQUEZ LEIS, con domicilio na Rúa Ramón Álvarez de la Braña nº 5, Noia, na que comunica que pretende realizar obras interiores de substitución do pavimento da cociña, da vivenda de Sanín 20, Os Ánxeles, nunha superficie de 35 m2.

Consonte co informe técnico a aldea de Sanín está integrada dentro do catálogo de bens de interese cultural do PXOM coa identificación AE6 e non resulta preceptivo obter a autorización previa do servizo de Patrimonio Cultural, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, de acordo co disposto na Instrución do 8 de

novembro de 2017, relativa ao trámite de autorizacións en materia de patrimonio cultural, nos bens catalogados e declarados de interese cultural, os seus contornos de protección e as zonas de amortecemento, toda vez que non se poñen en risco os valores culturais protexidos.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

e) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Ramón Penide Beis, que di actuar en representación de JUAN MANUEL LOPEZ SANCHEZ, con domicilio na Avda. dos Ánxeles 43, local C, Os Ánxeles, na que comunica que vai instalar dous toldos, de altura mínima sobre a beirarrúa de 2,20 m, no baixo situado na Avda. dos Ánxeles nº 43, Local C, Os Ánxeles, que conta con actividade autorizada pola Xunta de Goberno Local na data 25.10.2017, para: Establecemento dedicado a comercio polo miúdo de flores, plantas, sementes e fertilizantes.

A edificación emprázase sobre un ámbito de solo urbano (UC1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

f) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MANUEL MALLO DORADO, con domicilio en Osebe 6, Bastavales, na que comunica que pretende construír un galpón de de 40 m², con cuberta de tella, situado a 3 m, dos lindeiros, en Osebe 6, Bastavales.

A parcela na que se pretende a construción emprázase sobre un ámbito de solo de núcleo rural, área consolidada pola edificación (NRL-1) do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa condición de que o galpón esté situado mínimo a 7 m, do eixo do camiño.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

TERCEIRO.- LICENZA DE OBRA MENOR,

a) Deuse conta dunha instancia presentada por CARMEN SUAREZ PAIS, con domicilio en Alfonsín 8, Cornanda, de solicitude de licenza de obra para realizar labores de limpeza das paredes de pedra da vivanda de Alfonsín 8, Cornanda, mediante hidrolimpadora e posterior encintado das xuntas con cemento hidrófugado de cor area escura.

A parcela onde se pretende executar as obras atópase dentro da delimitación do solo clasificado como solo de núcleo rural, área consolidada pola edificación (NRO-1) do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, e da autorización do Servizo de Coordinación da Área Cultural, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, de data 18/07/2018 (expediente 766/18), por unanimidade, acorda conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

b) Deuse conta dunha instancia asinada por José Antonio Fernández Amaro, que di actuar en representación de UNION FENOSA DISTRIBUCION S.A, con domicilio en Avd. de Arteixo 171, A Coruña, na que solicita licenza para realizar obras de subministro de enerxía eléctrica para unha vivenda situada en Cantelar, proxectando obras de infraestrutura soterrada de liña de baixa tensión desde condutor RZ 25 existente no apoio HV 250-9, ata a ubicación da CPM do cliente no límite da súa propiedade coa vía pública. Para a canalización do mencionado condutor realizaranse unha zanja cunha lonxitude total de 6 m, segundo proxecto asinado polo enxeñeiro técnico industrial Pablo López Alonso con visado nº 1876/18-CO, do 28/06/2018.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, acorda por unanimidade conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

.- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.

.- Como garantía, imponse un aval bancario ou fianza en metálico por importe de 140,26 €, que deberá presentar no Concello, con anterioridade á expedición da licenza.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

CUARTO.- VADOS PERMANENTES (BAIXAS).

a) Deuse conta dunha instancia presentada por María Berdullas Coello, que di actuar no nome da CCPP DEVESA DA GANDARA GARAXES- A, con domicilio en Avd. Rosalía de Castro 62, baixo, Milladoiro, Ames, na solicita a baixa da licenza municipal de vado permanente para o servizo ao garaxe dos edificios da Rúa Inxerido 2-4, Os Ánxeles, concedida en Xunta de Goberno Local o 16/11/2017, con número de licenza: 2017/03.

A Xunta de Goberno Local, toma coñecemento da comunicación efectuada e autoriza a baixa do vado permanente sinalado, debendo dar conta deste acordo á tesourería municipal para ter en conta na confección dos padróns fiscais por esta taxa.

b) Deuse conta dunha instancia presentada por Rogelio Vázquez Torres, con domicilio na Avda. Santa Minia nº 84, Brión, na solicita a baixa da licenza municipal de vado permanente para o servizo ao garaxe da vivenda sita na Avda. Santa Minia nº 84, Brión, concedida en Xunta de Goberno Local o 08/03/2007, con número de licenza: 2007/06.

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento da comunicación efectuada e autoriza a baixa do vado permanente sinalado, debendo dar conta deste acordo á tesourería municipal para ter en conta na confección dos padróns fiscais por esta taxa.

QUINTO.- CAMBIO DE TITULARIDADE DE VADO PERMANENTE.

a) Deuse conta dunha instancia asinada por DANIEL ABALO ALVAREZ, con domicilio na Rúa da Senra nº 14, Os Ánxeles, na que solicita o cambio de titularidade da licenza de vado permanente núm. 2010/01, situado na Rúa da Senra nº 14, Os Ánxeles, concedido pola Xunta de Goberno Local do 02/02/2010 a Atlantis Multimedia, S.L.

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento da comunicación efectuada poñendo a licenza de vado permanente núm. 2010/01, situada na Rúa da Senra nº 14, Os Ánxeles, a nome de Daniel Abalo Álvarez.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

SEXTO.- LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por ISABEL FERNANDEZ GONZALEZ, con domicilio en Guisande 47, Os Ánxeles, na que solicita licenza de primeira ocupación para unha vivenda unifamiliar situada no lugar de Guisande nº 47.

Con data 03/05/2016 a Xunta de Goberno Local concedeulle licenza a Isabel Fernández González e José Andrade Uzal para as obras de construción dunha vivenda unifamiliar no lugar de Guisande 47, Os Ánxeles.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal e do certificado final de dirección de obra asinado polo arquitecto Alberto Blanco Rodríguez, visado polo Colexio Oficial de Aparelladores, Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros de Edificación da Coruña con data 16.03.2018, acorda por unanimidade conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

SÉTIMO.- BONIFICACIÓNS DE PREZOS PÚBLICOS.

a) Deuse conta dunha solicitude de bonificación presentada por A.M.R., con rexistro de entrada no Concello núm. 2459, do 21.06.2018, na que solicita a bonificación do 100% da tarifa correspondente á participación do seu fillo G.L.M. na actividade de: Obradoiros de verán, que se leva a cabo durante o mes xullo de 2018.

Vista a proposta de bonificación do 100% da traballadora social do 25/06/2018, por atoparse a unidade de convivencia en situación valorada tecnicamente como de difícil integración, a Xunta de Goberno Local por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a A.M.R. unha bonificación do 100% do prezo público por importe de 125 € correspondente á participación de G.L.M. na actividade de: Obradoiros de verán, que se imparte durante o mes de xullo de 2018, por atoparse a unidade de convivencia en situación valorada tecnicamente como de difícil integración, consonte co disposto no artigo

5.5 da ordenanza fiscal reguladora de prezos públicos pola prestación de servizos culturais, educativos, deportivos e de ocio.

2º) Dar conta deste acordo á tesourería e intervención municipais para o seu coñecemento e efectos.

b) Deuse conta dunha solicitude de bonificación presentada por J.M.D.I., con rexistro de entrada no Concello núm. 2489, do 22.06.2018, na que solicita unha bonificación da tarifa correspondente á participación das menores S.D.A, Y.D.A. e A.M.D.A. na actividade de: Obradoiros de verán, que se leva a cabo durante o mes xullo de 2018.

Vista a proposta de bonificación de 100 € da traballadora social do 27/06/2018, por atoparse a unidade de convivencia en situación valorada tecnicamente como de difícil integración, a Xunta de Goberno Local por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a J.M.D.I. unha bonificación de 100 €, correspondente á participación das menores S.D.A, Y.D.A. e A.M.D.A. na actividade de: Obradoiros de verán, que se imparte durante o mes de xullo de 2018, por atoparse a unidade de convivencia en situación valorada tecnicamente como de difícil integración, consonte co disposto no artigo 5.5 da ordenanza fiscal reguladora de prezos públicos pola prestación de servizos culturais, educativos, deportivos e de ocio.

2º) Dar conta deste acordo á tesourería e intervención municipais para o seu coñecemento e efectos.

OITAVO.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se produciu ningunha.

O Sr. Alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo as 8.45 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal, eu, como secretario, dou fe.

O alcalde
Vº e Prace

O secretario

José Luis García García

Javier Nieves González